

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 10 de xaneiro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-313. Treito Coirados-Pardavila, punto quilométrico 1+380-3+330, de clave PO/16/266.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.*

**Antecedentes:**

A Lei 8/2013, de estradas Galicia, determina no seu artigo 6.2 que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados, que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Os beneficios esperados con esta iniciativa son, entre outros, a mellora da mobilidade, a mellora da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar da economía, do patrimonio e do urbanismo.

Con data do 2 de novembro de 2016 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Estratexia en materia de mobilidade alternativa na comarca de Morrazo e concellos limítrofes, onde unha das sendas propostas era un itinerario peonil e ciclista na PO-313, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo itinerario peonil e ciclista na PO-313. Treito: Coirados-Pardavila, p.q. 1+380 - 3+330, clave PO/16/266.06.

O presente proxecto ten por obxecto a construción pola marxe esquerda da estrada PO-313, Marín-Moaña, dun itinerario peonil e ciclista, no treito comprendido entre o p.q. 1+380 e 3+330. As actuacións proxectadas son as seguintes:

- Construción dun beiril sobre unha canle fluvial con zona peonil.
- Execución dunha senda de formigón coloreado, reforzado con mallazo.



– Execución dunha senda de formigón con zona axardinada entre o bordo da senda e a plataforma.

– Instalación de beirarrúa e ampliación da xa existente.

– Ocupación de parte da beiravía existente para que a senda dispoña da anchura mínima.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

**RESOLVO:**

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (rúa Fernández Ladreda, 43, 1º, 36071 Pontevedra), e na casa do concello de Marín (avenida de Ourense, s/n, 36900 Marín, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ([http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)) atópase á disposición dos interesados o documento completo da separata do proxecto construción.

Santiago Compostela, 10 de xaneiro de 2018

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas



**ANEXO**
**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**

Itinerario peonil e ciclista na PO-313.

Treito: Coirados-Pardavila, p.q. 1+380 - 3+330.

Clave: PO/16/266.06.

Concello de Marín (Pontevedra).

Nº orde	Referencia catastral	Titular	Tipo	Cultivo	Clasificación urbanística	Área afectada (m <sup>2</sup> )	Bens afectados
1	36026A01200562	Acuña Acuña, Manuel	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico especial protexido	6,5	3 tubos salvacunetas
2	36026A01200563	Acuña Acuña, Manuel	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico especial protexido	16,22	1,50 árbore froiteira 2,70 xardineira formigón 5 plantas varias
3	36026A01200564	Villanueva Nores, M. Carmen	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	4,34	
4	36026A01200566	Santos S-S, Umbelina de los	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	0,28	
5	36026A01200580	Rey Carabelos, Susana Iglesias Parada, Antonio	Rústico	V-viña secaño	Solo rústico protección ordinario	20,67	
6	36026A01200581	Soutullo Pazos, M. Elsa	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	46,34	3 muros de mampostería
7	36026A01200585	Torre Calvar, Manuel de la	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	104,72	10 peche formigón 40 peche malla arame
8	36026A01200001	Iglesias Acuña, Silverio	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	17,78	
9	36026A01200005	Acuña Dopazo, Adelina	Rústico	I-improductivo	Solo rústico protección ordinario	0,76	
10	36026A01200006	Piñeiro Barcia, Ignacio	Rústico	V-viña secaño	Solo rústico protección ordinario	1,6	
11	36026A01200562	Pazos Recaman, Ignacio	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	1,21	
12	36026A01200562	Plyesteres Bidasoa, S.L.	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	65,38	
13	36026A01200562	Concello de Marín	Rústico	VT-vía comunicación dominio público	Solo rústico protección ordinario	8,21	
14	36026A01200029	Crespo Calvar, Manuel, herdeiros de	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	13,45	
15	36026A01200030	Crespo Dopazo, Manuel	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	22,27	2,35 paso salvacunetas
16	36026A01200075	Crespo Calvar, Hermosinda Crespo Calvar, Ángela, herdeiros de	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo de núcleo rural	27,15	
17	36026A01200076	Guimerans Pereira, Alberto	Rústico	V-viña secaño	Solo de núcleo rural	37,95	
18	36026A01200077	Rial Amoedo, Consuelo	Rústico	V-viña secaño	Solo rústico protección ordinario	6,43	



Nº orde	Referencia catastral	Titular	Tipo	Cultivo	Clasificación urbanística	Área afectada (m <sup>2</sup> )	Bens afectados
19	36026A01200088	Dopazo Fernández, Arturo Novegil Crespo, Dolores	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	2	3,50 soleira de formigón
20	36026A01200089	Fernández Amoedo, Antonia, herdeiros de	Rústico	V-viña secaño	Solo rústico protección ordinario	1,25	3,50 soleira de formigón
21	36026A01400162	Villanueva Calvar, Manuel, herdeiros de	Rústico	FG-carballeira	Solo rústico protección ordinario	0,28	
22	36026A01400161	Breasco González, Pablo González Lemos, Elena	Rústico	MM-piñeiral madeirable	Solo rústico protección ordinario	12,12	
23	36026A01400377	Araújo Aboy, M <sup>a</sup> Montserrat Araújo Aboy, José Luis Veiga Rial, Beatriz	Rústico	Improdutivo	Solo rústico protección ordinario	8,86	
24	36026A01400083	García, Josefa	Rústico	MM-piñeiral madeirable	Solo rústico protección ordinario	14,02	
25	36026A01400082	Macenlle Rosales, Dolores	Rústico	C-labor ou labradío secaño	Solo rústico protección ordinario	0	
				MT-mato		27,36	

